

**PARTE COMÚN**

**PREGUNTAS**

**da 1 á 30**

**1.- Segundo o artigo 36 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas:**

- a) Os actos administrativos produciranse sempre por escrito a través de medios telemáticos.
- b) Nos casos en que os órganos administrativos exerzan a súa competencia de forma verbal sempre é obrigatoria a constancia escrita do acto.
- c) Cando deba ditarse unha serie de actos administrativos da mesma natureza, poderán refundirse nun único acto, acordado polo órgano competente.
- d) A motivación dos actos que poñan fin aos procedementos selectivos e de concorrencia competitiva realizarase de conformidade cos criterios fixados polo tribunal cualificador.

**2.- Segundo o artigo 39 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a eficacia do acto administrativo quedará demorada:**

- a) Cando así o esixa o órgano autor do acto.
- b) Cando se trate dun acto ditado en exercicio de competencias discrecionais.
- c) Cando estea supeditada á súa notificación.
- d) Cando se dite en substitución de actos anulados.

**3.- Segundo o artigo 47 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, son nulas as disposicións administrativas (sinale a incorrecta):**

- a) Que establezan a irretroactividade das disposicións sancionadoras non favorables ou restritivas de dereitos colectivos.
- b) Que vulneren a Constitución.
- c) Que vulneren as leis e outras disposicións administrativas de rango superior.
- d) Que regulen materias reservadas á Lei.

**4.- Segundo o artigo 30 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, si o prazo se fíxase en meses ou anos:**

- a) Concluirá ao día seguinte no que se produciu a notificación ou publicación no mes ou ano de vencemento.
- b) Computarase a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación ou publicación do acto de que se trate.
- c) Exclúense do cómputo os sábados, domingos e os declarados festivos.
- d) Computarase desde o día en que se produza a estimación ou desestimación por silencio administrativo do acto de que se trate.

**5.- Segundo o artigo 95.1 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, nos procedementos iniciados a solicitude do interesado, cando se produza a súa paralización por causa imputable ao mesmo, a Administración advertiralle que:**

- a) Transcorridos tres meses, producirase a caducidade do procedemento.
- b) Transcorridos catro meses, producirase a caducidade do procedemento.
- c) Transcorrido un mes, producirase a caducidade do procedemento.
- d) Transcorridos tres meses, producirase, en todo caso, a renuncia do procedemento.

**6.- Segundo o artigo 112.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, contra as resolucións e os actos de trámite, se estes últimos deciden directa ou indirectamente o fondo do asunto, determinan a imposibilidade de continuar o procedemento, producen indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos:**

- a) Poderán interpoñerse polos interesados os recursos de alzada e potestativo de reposición.
- b) Poderán interpoñerse polos interesados os recursos de alzada, potestativo de reposición e o ordinario de revisión.
- c) Poderá interpoñerse polos interesados soamente o recurso de revisión.
- d) Poderán interpoñerse polos interesados os recursos de alzada, potestativo de reposición e o extraordinario de revisión.

**7.- Segundo o artigo 20.1 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a resolución na que se conceda ou denegue o acceso deberá notificarse ao solicitante e aos terceiros afectados que así o solicitaron:**

- a) No prazo máximo dun mes desde a recepción da solicitude polo órgano competente para resolver.
- b) No prazo máximo de dous meses desde a recepción da solicitude polo órgano competente para resolver.
- c) No prazo máximo de tres meses desde a recepción da solicitude polo órgano competente para resolver.
- d) No prazo máximo de vinte días desde a recepción da solicitude polo órgano competente para resolver.

**8.- Segundo o artigo 14 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, non é un límite para o exercicio do dereito de acceso á información pública:**

- a) A seguridade nacional.
- b) A defensa.
- c) As relacións exteriores.
- d) A protección dos consumidores.

**9.- Segundo o artigo 64.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, la incoación do procedemento sancionador comunicarse ao denunciante:**

- a) Cando as normas reguladoras do procedemento así o prevexan.
- b) En todo caso.
- c) En ningún caso.
- d) Cando así o decida o instrutor do expediente.

**10.- Segundo a Disposición Adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, corresponde aos Alcaldes e aos Presidentes das Entidades Locais as competencias como órgano de contratación respecto de:**

- a) Os contratos de obras cando o seu orzamento non supere o 15 por cento dos recursos ordinarios do orzamento.
- b) Os contratos de subministración cando o seu valor de mercado non supere os cinco millóns de euros.
- c) Os contratos privados cando o orzamento base de licitación non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin o importe de dous millóns de euros.
- d) Todas as respostas son incorrectas.

**11.- Segundo o artigo 211 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, sinale a resposta incorrecta en relación coa resolución do contrato:**

- a) O incumprimento por parte da Administración das obrigas do contrato determinará para aquela, con carácter xeral, o pago dos danos e prexuízos que por tal causa se irroguen ao contratista.
- b) Cando se resolva por incumprimento culpable do contratista seralle incautada a garantía e deberá, ademais, indemnizar á Administración os danos e prexuízos ocasionados no que excedan do importe da garantía incautada.
- c) En todo caso, o acordo de resolución conterá pronunciamento expreso acerca da procedencia ou non da perda, devolución ou cancelación da garantía que, no seu caso, fose constituída.
- d) Cando se produza por mutuo acordo, a parte declarada culpable deberá indemnizar os danos e prexuízos ocasionados.

**12.- Segundo o artigo 61 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, nos procedementos de responsabilidade patrimonial a petición razoada doutros órganos de inicio deberá individualizar (sinale a resposta incorrecta):**

- a) A lesión producida nunha persoa ou grupo de persoas.
- b) A súa relación de causalidade co funcionamento do servizo público.
- c) A súa avaliación económica en todo caso.
- d) O momento en que a lesión efectivamente produciuse..

**13.- Segundo o artigo 33 do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, a rectificación do inventario:**

- a) Aprobarase polo Alcalde da Corporación Local.
- b) Efectuarase cada cinco anos.
- c) Verificarase anualmente.
- d) Autorízase polo Presidente da Corporación co visto e prace do Secretario.

**14.- Segundo o artigo 47 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, a aprobación do regulamento orgánico propio da Corporación require:**

- a) O voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da corporación.
- b) A maioría simple dos votos presentes.
- c) O voto favorable dá maioría cualificada de 3/4 do número legal de membros da corporación.
- d) O acordo do Alcalde da corporación, ao tratarse dunha atribución do mesmo.

**15.- Segundo o artigo 16.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, ¿cal do seguinte dato non é obrigatorio na inscrición no Padrón municipal?:**

- a) Nome e apelidos.
- b) Certificado ou título escolar ou académico que se posúa.
- c) Domicilio habitual.
- d) Profesión.

**16.- Segundo o artigo 22.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, corresponde en todo caso ao Pleno municipal dos Concellos as seguintes atribucións:**

- a) Exercer a xefatura da Policía Municipal.
- b) O control e a fiscalización dos órganos de goberno.
- c) Ordenar a publicación, execución e facer cumprir os acordos do Concello.
- d) O desenvolvemento da xestión económica de acordo co Orzamento aprobado.

**17.-Segundo o artigo 7.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, as competencias propias dos Municipios:**

- a) Só poderán ser determinadas por Lei.
- b) Poderán ser determinadas por Lei e por disposición regulamentaria.
- c) Poderán ser determinadas por disposición regulamentaria.
- d) Só poderán ser determinadas por disposición regulamentaria.

**18.- Segundo o artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a Deputación Provincial ou entidade equivalente coordinará a prestación dos seguintes servizos:**

- a ) Nos municipios con poboación inferior a 10 .000 habitantes, cemiterio.
- b) Nos municipios con poboación inferior a 20.000 habitantes, medio ambiente urbano.
- c) Nos municipios con poboación inferior a 10.000 habitantes, protección civil
- d) Nos municipios con poboación inferior a 20.000 habitantes, acceso aos núcleos de poboación

**19.- Segundo o artigo 109 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, no caso de non celebrarse sesión plenaria por falta de asistentes ou por outro motivo:**

- a) O secretario deberá levantar a correspondente acta, facendo constar na mesma todas as mencións sinaladas no artigo 109.1 do citado regulamento
- b) O secretario deberá levantar a correspondente acta, consignando na mesma os nomes dos concorrentes e dos que houberen escusado a súa asistencia.
- c) Non é necesario a redacción de ningún documento dado que non se adoptaron acordos.
- d) O secretario suplirá a acta cunha dilixencia autorizada coa súa firma, na que consigne a causa e nomes dos concorrentes e dos que houberen escusado a súa asistencia.

**20.- Segundo o artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, indique a competencia do alcalde que non se pode delegar:**

- a) Dirixir, inspeccionar e impulsar os servizos e obras municipais.
- b) Aprobar a oferta de emprego público.
- c) Ditar bandos.
- d) Representar ao concello.

**21.- Segundo o artigo 9 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, o persoal laboral poderá exercer funcións que impliquen a participación directa ou indirecta no exercicio das potestades públicas:**

- a) Si, en todo caso.
- b) Non, en ningún caso.
- c) Non, salvo que as leis de función pública ditadas en desenvolvemento do Estatuto Básico do Empregado Público establezan de forma expresa esta previsión.
- d) Si, pero nos termos establecidos polas leis de función pública ditadas en desenvolvemento do Estatuto Básico do Empregado Público

**22.- Segundo o artigo 74 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, as relacións de postos de traballo comprenderán polo menos (sinale a resposta incorrecta):**

- a) As retribucións básicas.
- b) As retribucións complementarias.
- c) Os sistemas de provisión.
- d) Os grupos de clasificación profesional.

**23.- Segundo o artigo 89 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, a excedencia por coidado de cada fillo:**



- a) Só poderá obterse cando o funcionario proxenitor prestase servizos efectivos en calquera das Administracións Públicas durante un período mínimo de cinco anos inmediatamente anteriores.
- b) A súa concesión .quedará subordinada ás necesidades do servizo debidamente motivadas.
- c) A súa duración non poderá ser superior a tres anos.
- d) Non poderá declararse cando ao funcionario público se lle instrúa expediente disciplinario.

**24.- Segundo o artigo 128 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, sinale a resposta incorrecta en relación ás agrupacións de tesourería:**

- a) Poderán agruparse para o sostemento en común dun único posto de Tesourería as entidades locais cuxa secretaría estea clasificada en clase 2ª e 3ª.
- b) Poderán agruparse para o sostemento en común dun único posto de Tesourería as entidades locais cuxa secretaría estea clasificada en clase 1ª e 2ª.
- c) Poderán agruparse para o sostemento en común dun único posto de Tesourería as entidades locais cuxa secretaría estea clasificada en clase 3ª.
- d) Os postos aos que se refiren todos os apartados anteriores están reservados a funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional da subescala de Intervención-Tesourería.

**25.- Indique a norma legal que ten por obxecto establecer as disposicións necesarias para facer efectivo o principio de unidade de mercado no territorio nacional:**

- a) A Lei 20/2013, do 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado.
- b) A Lei 20/2014, do 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado.
- c) A Lei 20/2013, do 10 de decembro, de garantía da unidade de mercado.
- d) A Lei 20/2014, do 10 de decembro, de garantía da unidade de mercado.

**26.- Segundo o artigo 85 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, sinale cal non é unha forma de xestión directa dos servizos públicos de competencia local:**

- a) Xestión pola propia entidade local.
- b) Organismo autónomo local.
- c) Entidade pública empresarial local.
- d) Sociedade mercantil local, cuxo capital social sexa maioritariamente de titularidade pública.

**27.-Segundo o artigo 133 da Constitución Española de 1978, a potestade orixinaria para establecer tributos corresponde:**

- a) Ao estado.
- b) Ao estado e comunidades autónomas.
- c) Ao estado, comunidades autónomas e entidades locais supramunicipais.
- d) Ao estado, comunidades autónomas e entidades locais.

**28.- Segundo o artigo 165 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, as bases de execución do orzamento (sinale a resposta incorrecta):**

- a) Conterán a adaptación das disposicións xerais en materia organizativa ás necesidades orzamentarias da propia entidade.
- b) Establecerán cantas prevencións se consideren oportunas para a mellor realización dos gastos e recadación dos recursos.
- c) Non poden modificar o lexislado para a administración económica.
- d) Non poden comprender preceptos de orde administrativa que requiran legalmente procedemento e solemnidades específicas distintas do previsto para o orzamento.

**29.- Segundo o artigo 17 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, un concello cunha poboación de 10.000 habitantes deberá expoñer e publicar os anuncios de exposición pública de aprobación inicial das ordenanzas fiscais:**

- a) No seu taboleiro de anuncios e no Boletín Oficial da Provincia ou, no seu caso, no da comunidade autónoma uniprovincial.
- b) No seu taboleiro de anuncios e no Diario Oficial de comunidade autónoma en todo caso.
- c) Unicamente no seu taboleiro de anuncios.
- d) No seu taboleiro de anuncios, no Boletín Oficial da Provincia ou, no seu caso, no da comunidade autónoma uniprovincial, e nun diario dos de maior difusión da provincia.

**30.- Segundo o artigo 25.2 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa, o recurso contencioso-administrativo:**

- a) Non é admisible contra a inactividade da administración.
- b) É admisible contra a inactividade da administración en todo caso.
- c) É admisible contra a inactividade da Administración e contra as súas actuacións materiais que constitúan vía de feito, nos termos establecidos na Lei 29/1998.
- d) É admisible contra a inactividade da Administración e contra as súas actuacións materiais que non constitúan vía de feito, nos termos establecidos na Lei 39/1995.

# **PREGUNTAS DE RESERVA**

## **PARTE COMÚN**

### **PREGUNTAS**

**da 31 á 33**

**31.- Segundo o artigo 34 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos que diten as Administracións Públicas produciranse:**

- a) Polo órgano inferior xerárquico axustándose ás instrucións ditadas por escrito polo órgano competente.
- b) Polo órgano superior xerárquico de acordo coa Constitución e coas normas con rango de lei.
- c) Polo órgano competente axustándose aos requisitos e ao procedemento establecido.
- d) Polo órgano superior xerárquico axustándose aos requisitos e ao procedemento establecido.

**32.- Segundo o artigo 41 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, as Administracións poderán practicar as notificacións por medios non electrónicos:**

- a) Cando se trate de entidades sen personalidade xurídica.
- b) Cando para asegurar a eficacia da actuación administrativa resulte necesario practicar a notificación por entrega directa dun empregado público da Administración notificante.
- c) Cando se trate de notarios e rexistradores da propiedade.
- d) Cando se trate de persoas físicas que o soliciten de forma expresa.

**33.- Segundo o artigo 107 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a declaración de lesividade:**

- a) Só cabe contra os actos nulos de pleno dereito.
- b) Non poderá adoptarse unha vez transcorridos seis meses desde que se ditou o acto administrativo.
- c) Adoptarase polo Alcalde cando o acto proveña dunha entidade local.
- d) Todas as respostas anteriores son incorrectas.

# **SECRETARÍA-INTERVENCIÓN**

## **PREGUNTAS**

**da 34 á 63**

**34.- Segundo o artigo 22 da Lei sobre expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954, a interposición do recurso de alzada contra o acordo de necesidade de ocupación:**

- a) Producirá efectos suspensivos ata tanto se dite a resolución expresa.
- b) Non producirá efectos suspensivos en ningún caso.
- c) Producirá efectos suspensivos ata o día seguinte á data na que se dite a resolución expresa.
- d) Non producirá efectos suspensivos ata tanto se dite a resolución expresa.

**35.- Segundo o artigo 140 da Constitución Española:**

- a) Os Concelleiros elixíranse polo Alcalde e polos veciños do municipio mediante sufraxio universal, igual, libre, directo e secreto, na forma establecida pola lei.
- b) Os Concelleiros elixíranse polos veciños do municipio mediante sufraxio universal, na forma establecida polas disposicións de carácter xeral.
- c) Os Concelleiros elixíranse polos veciños do municipio mediante sufraxio universal, igual, libre, directo e secreto, na forma establecida pola Constitución.
- d) Os Concelleiros elixíranse polos veciños do municipio mediante sufraxio universal, igual, libre, directo e secreto, na forma establecida pola lei.

**36.- Segundo o artigo 88 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, cal dos seguintes municipios non gozará dun réxime especial:**

- a) Turísticos.
- b) Rurais.
- c) Pesqueiros.
- d) Histórico-arqueolóxicos.

**37.- Segundo o artigo 179 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeneral, nun termo municipal que teña entre 2.001 e 5.000 habitantes, cantos concelleiros se elixen:**

- a) 14
- b) 13
- c) 11

d) 12

**38.- Segundo o artigo 211 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, a contía global das retribucións complementarias do persoal ao servizo das entidades locais será fixada:**

- a) Polo pleno de cada corporación dentro dos límites máximos e mínimos que se sinalen pola normativa estatal aplicable.
- b) Polo alcalde de cada corporación sen límites máximos e mínimos.
- c) Pola xunta de goberno local de cada corporación dentro dos límites máximos e mínimos que se sinalen pola normativa estatal aplicable.
- d) Pola xunta de goberno local de cada corporación con total liberdade.

**39.- Segundo o artigo 4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, cal das seguintes facultades non a confire a competencia urbanística no que se refire á execución do plan:**

- a) Dirixir, realizar, conceder e fiscalizar a execución das obras de urbanización.
- b) Fomentar a iniciativa dos particulares, promovendo a súa participación nos procesos de execución.
- c) Constituír e xestionar patrimonios públicos de solo.
- d) Expropiar os terreos e construcións necesarios para efectuar as obras e cantas actuacións conveñan á economía da actividade urbanística proxectada.

**40.- Segundo o artigo 69 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, cal dos seguintes documentos non forma parte do contido dos plans parciais:**

- a) Planos de información, incluído o catastral.
- b) Ordenanzas reguladoras necesarias para a súa execución.
- c) Memoria de sustentabilidade económica.
- d) Memoria xustificativa das súas determinacións.

**41.- Segundo o artigo 198 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia:**



- a) No caso de contradición entre as determinacións do catálogo urbanístico e as do planeamento, prevalecerán as do catálogo.
- b) Os catálogos non serán vinculantes para o planeamento, prevalecendo este no caso de contradición entre ambos os dous documentos.
- c) Os catálogos serán vinculantes para o planeamento no referente aos bens, espazos ou elementos nel incluídos, prevalecendo en caso de contradición entre ambos documentos o planeamento.
- d) No caso de contradición entre as determinacións do catálogo urbanístico e as do planeamento, prevalecerán as do planeamento.

**42.- Segundo o artigo 51 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, os plans xerais de ordenación municipal, que serán formulados polos concellos respectivos, son:**

- a) Instrumentos urbanísticos de ordenación parcial que afectarán a un termo municipal de forma completa ou parcial.
- b) Instrumentos urbanísticos de ordenación integral que abarcarán un ou varios termos municipais completos.
- c) Instrumentos urbanísticos de ordenación integral que abarcarán unicamente un termo municipal completo, pero nunca poderán abarcar máis dun termo municipal.
- d) Todas as respostas son incorrectas.

**43.- Segundo o artigo 91 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, as construcións e instalacións haberán de adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para ese efecto:**

- a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán disonar con el.
- b) A tipoloxía das construcións e os materiais e cores empregados deberán favorecer a integración na contorna inmediata e na paisaxe.
- c) As construcións haberán de presentar polo menos os seus paramentos interiores terminados.
- d) As construcións e peches que se constrúan con obra de fábrica, vexetación ornamental ou outros elementos permanentes en zonas consolidadas pola edificación terán que desprazarse un mínimo de 4 metros do eixo da vía pública a que dean fronte.

**44.- Segundo o artigo 142 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, están suxeitos a licenza municipal :**

- a) A primeira ocupación dos edificios.
- b) As demolicións, salvo as derivadas de resolucións de expedientes de restauración da legalidade urbanística.
- c) A modificación do uso de parte dos edificios e instalacións, en xeral, cando non teñan por obxecto cambiar os usos característicos do edificio nin implantar un uso residencial.
- d) A talla de masas arbóreas ou de vexetación arbustiva en terreos non incorporados a procesos de transformación urbanística.

**45.- Segundo o artigo 153 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o prazo para iniciar o expediente de reposición da legalidade urbanística nas obras terminadas sen título habilitantes contarase:**

- a) Desde que se termine de traballar na obra, aínda que esta non finalizase.
- b) Desde a total terminación das obras.
- c) Cando a unidade familiar resida na edificación, aínda que estea sen terminar.
- d) Cando conste a inscrición no censo municipal das persoas que alí residen.

**46.- Segundo o artigo 46.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, os órganos colexiados das Entidades Locais poderán celebrar sesións e adoptar acordos a distancia por medios electrónicos e telemáticos:**

- a) En calquera momento.
- b) Cando concorran situacións urxentes que impidan ou dificulten a asistencia presencial de, a lo menos, a metade dos seus membros.
- c) Cando así o decida a Xunta de Goberno Local.
- d) Ningunha das respostas é correcta.

**47.- Segundo o artigo 40 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, se para o desenvolvemento dunha actividade recreativa fose precisa a realización dunha obra, a declaración responsable para o inicio de actividade presentarse:**

- a) Unha vez finalizada a obra.
- b) Antes de iniciar a obra.
- c) En todo caso, antes de obter a licenza de obra.
- d) Ao presentar a solicitude de licenza de obra.

**48.- Segundo o artigo 179 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, corresponde en todo caso ao pleno da corporación a aprobación das transferencias de crédito:**

- a) Sempre.
- b) Entre os mesmos grupos de función salvo cando as baixas afecten a créditos de persoal.
- c) Nunca, é sempre competencia do alcalde nos municipios de réxime común.
- d) Todas as respostas son incorrectas.

**49.- Segundo o artigo 184 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, son fases da xestión do orzamento de gastos (sinale a resposta incorrecta):**

- a) Liquidación da obriga.
- b) Retención de crédito.
- c) Compromiso de gasto.
- d) Ordenación do pago.

**50.- Segundo o artigo 98 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, os remanentes de crédito están constituídos por:**

- a) Os saldos de créditos retidos pendentes de utilización.
- b) Os saldos de obrigas recoñecidas pendentes de ordenar o pago.
- c) Os saldos de obrigas recoñecidas pendentes de realizar materialmente o pago.
- d) Os saldos de créditos definitivos non afectados ao cumprimento de obrigas recoñecidas.

**51.- Segundo o artigo 12 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira, a variación do gasto computable das Corporacións Locais non poderá superar:**

- a) A taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Neto de medio prazo da economía española.
- b) A taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española.
- c) A taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de longo prazo da economía española.
- d) A taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Neto de longo prazo da economía española.

**52.- Segundo o artigo 196 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ao enumerar as funcións da tesourería das entidades locais, indica que esta debe servir ao principio de unidade de caixa, mediante:**

- a) A distribución no tempo das dispoñibilidades dinerarias para a puntual satisfacción das obrigas.
- b) A recadación dos dereitos e o pago das obrigas.
- c) A apertura de contas financeiras de colocación de excedentes de tesourería.
- d) A centralización de todos os fondos e valores xerados por operacións orzamentarias e extraorzamentarias.

**53.- Segundo o artigo 51 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, terán a consideración de operacións de crédito a curto prazo, entre outras, as seguintes:**

- a) Os anticipos que se perciban de entidades financeiras que, en todo caso, se realicen sen intermediación dos órganos de xestión recadadora, a conta dos produtos recadadores dos impostos liquidados a través dun padrón ou matrícula.
- b) Os préstamos e créditos concedidos por entidades financeiras para cubrir desfasamentos transitorios de tesourería.
- c) As emisións de débeda por prazo superior a un ano.

d) As operacións para o financiamento de investimentos vinculados directamente a modificacións de crédito tramitadas na forma prevista nos apartados 1, 2, 3 e 6 do artigo 177 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

**54.- Segundo a Regra 9 da Orde HAP/1782/2013, do 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo simplificado de contabilidade local e se modifica a Instrución do modelo básico de contabilidade local, corresponde ao Pleno da Corporación:**

a) Establecer os prazos e a periodicidade para a remisión da información a que se refire o artigo 207 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

b) Emitir pronunciamentos e ditar recomendacións en orde a facilitar a aplicación das normas reguladoras da contabilidade pública local.

c) Coordinar as funcións ou actividades contables da entidade local, emitindo as instrucións técnicas oportunas e inspeccionando a súa aplicación.

d) Solicitar das entidades dependentes a presentación das contas anuais, no seu caso, o correspondente informe de xestión e, cando cumpra, o informe de auditoría, así como calquera outra información que se considere necesaria para a formación da Conta Xeral e, no seu caso, para a elaboración das contas anuais consolidadas.

**55.- Segundo o artigo 212 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a conta xeral someterase ao Pleno da corporación, para que, no seu caso, poida ser aprobada antes do día:**

a) 1 de outubro.

b) 15 de maio.

c) 1 de xuño.

d) 15 de outubro.

**56.- Segundo o artigo 7 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, a función interventora exercerase nas súas modalidades de:**

a) Fiscalización de conformidade e de desconformidade.

b) Fiscalización e intervención limitada previa de requisitos básicos.

- c) Intervención formal e material.
- d) Reparos e observacións complementarias.

**57.- Segundo o artigo 29 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, o órgano interventor da Entidade Local realizará anualmente a auditoría das contas anuais de (sinale a resposta incorrecta):**

- a) Todos os organismos autónomos locais.
- b) Todas as entidades públicas empresariais locais.
- c) Todas as fundacións do sector público local.
- d) Os fondos e os consorcios aos que se refire o artigo 2.2 da citada norma.

**58.-Segundo o artigo 52 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os presidentes das corporacións locais poderán concertar as operacións de crédito a longo prazo previstas no orzamento, cuxo importe acumulado, dentro de cada exercicio económico:**

- a) Non supere o 10% dos recursos de carácter ordinario previstos no devandito orzamento.
- b) non supere o 15% dos recursos de carácter ordinario previstos no devandito orzamento.
- c) non supere o 20% dos recursos de carácter ordinario previstos no devandito orzamento.
- d) non supere o 30% dos recursos de carácter ordinario previstos no devandito orzamento.

**59.- Segundo o artigo 62 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, estarán exentos do Imposto sobre Bens Inmóbles, previa solicitude:**

- a) A superficie dos montes nos que se realicen repoboacións forestais ou rexeneración de masas arboradas suxeitas a proxectos de ordenación ou plans técnicos aprobados pola Administración forestal.
- b) Os declarados conxuntamente monumento ou xardín histórico de interese cultural.
- c) Os bens comunais
- d) Os montes veciñais en man común.

**60.- Segundo o artigo 101 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aos efectos do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras terá a consideración de dono da construción, instalación ou obra:**

- a) O propietario do inmovible sobre o que se realice a construción, instalación ou obra.
- b) Quen soporte os gastos ou o custo que comporte a súa realización.
- c) O posuidor do inmovible sobre o que se realice a construción, instalación ou obra.
- d) Quen solicite a súa realización.

**61.- Segundo o artigo 44 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o importe dos prezos públicos:**

- a) Será a cantidade resultante de aplicar unha tarifa.
- b) Deberá cubrir como máximo o custo do utilización privativa do dominio público local efectuada polo suxeito pasivo.
- c) Deberá cubrir como mínimo o custo do servizo prestado ou da actividade realizada.
- d) Deberá cubrir como mínimo o custo do aproveitamento especial do dominio público local efectuado polo suxeito pasivo.

**62.- Segundo o artigo 4 de Real Decreto Legislativo 1/2010, do 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Sociedades de Capital, o capital social da sociedade de responsabilidade limitada non poderá ser inferior a:**

- a) Mil euros.
- b) Tres mil euros.
- c) Seis mil euros.
- d) Un euro.

**63.- Segundo o artigo 8 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, sinale os contratos laborais que teñen forma escrita obrigatoria:**

- a) Os contratos de prácticas e para a formación e a aprendizaxe.
- b) Os contratos a tempo parcial.

- c) Os contratos fixos-descontinuos.
- d) Todas as respostas son correctas.



**PREGUNTAS DE RESERVA**

**SECRETARÍA-INTERVENCIÓN**

**PREGUNTAS**

**da 64 á 66**

**64.- Segundo o artigo 195 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, as Corporacións municipais constitúense en sesión pública:**

- a) O vixésimo día posterior á celebración das eleccións, en todo caso.
- b) O cuadraxésimo día posterior ás eleccións, en todo caso.
- c) O cuadraxésimo día posterior ás eleccións, só se se houberse presentado recurso contencioso-electoral contra a proclamación dos Concelleiros electos.
- d) O último martes do mes de xuño.

**65.- Segundo o artigo 158 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, non é infracción grave:**

- a) O incumprimento das condicións de edificación establecidas na Lei 2/2016 para o solo rústico e a realización de actividades sen o preceptivo título habilitante municipal ou sen autorización autonómica, cando esta sexa esixible de acordo coa citada lei, ou incumprindo as súas condicións.
- b) O incumprimento da orde de corte de subministración dos servizos de auga, electricidade e outros.
- c) O incumprimento das ordes de execución ou demolición.
- d) A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato ou documento que acompaña ou consta na comunicación previa.

**66.- Segundo o artigo 167 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a clasificación económica dos estados de gastos constará de:**

- a) Dous niveis: programas e subprogramas.
- b) Tres niveis: área de gasto, política de gasto e grupos de programas.
- c) Tres niveis: capítulo, artigo e concepto, con posibilidade de ampliación.
- d) Dous niveis: subconcepto e partida.

**SECRETARÍA DE ENTRADA**

**PREGUNTAS**

**da 67 á 96**

**67.- Segundo o artigo 205 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, é un dos requisitos para poder realizar unha modificación non prevista no prego de cláusulas administrativas particulares:**

- a) Que a modificación do contrato aplique unha alteración na súa contía que non exceda do 30 por cento do seu prezo inicial, IVA engadido.
- b) Que altere o equilibrio económico en prexuízo do contratista dunha maneira que non estaba prevista no contrato inicial.
- c) Que se limite a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria.
- d) Que o cambio de contratista non fora posible por razóns de tipo organizativo.

**68.- Segundo o artigo 215 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, non é un requisito para a celebración dos subcontratos:**

- a) En todo caso, a comunicación por escrito do contratista, tras a adxudicación do contrato e, a máis tardar, cando inicie a execución deste, ao órgano de contratación, da intención de celebrar os subcontratos.
- b) Nos contratos de obras, a posibilidade de establecer nos pregos que determinadas tarefas críticas non poden ser obxecto de subcontratación.
- c) En todo caso, a indicación dos licitadores na súa oferta da parte do contrato que teñan previsto subcontratar.
- d) Nos contratos de carácter secreto ou reservado, a autorización expresa do órgano de contratación.

**69.- Segundo o artigo 21 da Lei sobre expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954, o expediente expropiatorio se inicia:**

- a) Coa declaración de utilidade pública ou interese social.
- b) Co acordo de necesidade de ocupación.
- c) Coa apertura de peza separada de determinación do xustiprezo.
- d) Coa determinación exacta dos propietarios dos bens e dereitos de necesaria expropiación.

**70.- Segundo o artigo 3 da Carta Europea da Autonomía Local, por autonomía local se entende:**

- a) O recoñecemento ás Corporacións locais da facultade de ordenar e xestionar unha parte importante dos asuntos públicos, no marco da Lei e en beneficio dos seus habitantes.
- b) O dereito e a capacidade efectiva das Entidades locais de ordenar e xestionar unha parte importante dos asuntos públicos, no marco da Lei, baixo a súa propia responsabilidade e en beneficio dos seus habitantes.
- c) O dereito e a capacidade efectiva das Entidades locais de ordenar e xestionar unha parte importante dos asuntos públicos, no marco da Lei, baixo a responsabilidade do Estado e en beneficio dos seus habitantes.
- d) O dereito e a capacidade efectiva das Entidades locais de ordenar e xestionar unha parte importante dos asuntos públicos, no marco da Lei, baixo a responsabilidade da comunidade autónoma respectiva e en beneficio dos seus habitantes.

**71.- Segundo o artigo 2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, terán a consideración de entidades locais supramunicipais de carácter territorial:**

- a) As áreas metropolitanas.
- b) Os consorcios.
- c) As mancomunidades.
- d) As comarcas.

**72.- Segundo o artigo 64 do Real Decreto 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público a renuncia á condición de funcionario:**

- a) Inhabilita para ingresar de novo na Administración Pública a través do procedemento de selección establecido.
- b) Será aceptada expresamente pola administración en todo caso.
- c) Haberá de ser manifestada por escrito.
- d) Poderá ser declarada forzosamente pola administración.

**73.- Segundo o artigo 197 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, a moción de censura do Alcalde:**

- a) Deberá ser proposta, polo menos, pola maioría cualificada das  $\frac{2}{3}$  partes do número legal de membros da Corporación.
- b) O escrito na que se propoña deberá incluír as sinaturas electrónicas da metade dos seus propoñentes.
- c) A dimisión sobrevida do Alcalde non suspenderá o seu debate e votación.
- d) O pleno no que se debata e vote estará presidido polo concelleiro de maior idade.

**74.- Segundo o artigo 73.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, un concelleiro non adscrito é:**

- a) Un membro da Corporación que se presentou ás eleccións como independente.
- b) Un membro da Corporación que abandona o seu grupo de procedencia.
- c) Un membro da Corporación que forma parte do grupo mixto.
- d) Un membro da Corporación Municipal sen dedicación exclusiva.

**75.- Segundo o artigo 3 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, a función de asesoramento legal preceptivo de secretaría comprende:**

- a) Asistir ao Presidente da Corporación, xunto co Interventor, para a formación do orzamento, a efectos procedimentais e formais, non materiais.
- b) A emisión de informe previo cando o solicite un cuarto dos membros da Corporación.
- c) A emisión de informe previo nos procedementos de revisión de oficio dos actos de natureza tributaria da Entidade Local.
- d) A publicación das actas das sesións dos órganos colexiados na sede electrónica da Corporación de acordo coa normativa sobre protección de datos.

**76.- Segundo o artigo 11 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, son órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma con competencia urbanística (sinale a resposta incorrecta):**

- a) O Consello da Xunta de Galicia.
- b) A persoa titular da consellería competente en materia de urbanismo.
- c) A Comisión Superior de Urbanismo de Galicia.
- d) A Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, en materia de disciplina urbanística.

**77.- Segundo o artigo 82 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en relación á vixencia dos instrumentos de planeamento urbanístico, o documento que conteña a normativa e as ordenanzas deberá publicarse:**

- a) No Boletín Oficial do Estado.
- b) Nos catro boletíns oficiais provinciais, no suposto do Plan básico autonómico.
- c) No Diario Oficial de Galicia, exclusivamente.
- d) No Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia.

**78.- Segundo o artigo 87 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, os instrumentos de planeamento urbanístico, con todos os seus documentos, serán públicos:**

- a) Tanto se se atopan aprobados como durante a súa tramitación, podendo consultalos calquera persoa, en todo momento, no concello.
- b) Unha vez sexan aprobados, podendo consultalos calquera persoa, no concello.
- c) Unha vez sexa publicada a súa aprobación, podendo consultalos calquera persoa, no concello.
- d) Durante a súa tramitación, podendo consultalos calquera persoa, en todo momento, na sede da Consellería encargada da súa aprobación.

**79.- Segundo o artigo 129 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o artigo 315 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, a obtención de terreos por ocupación directa para sistemas xerais procederá cando se traten de terreos destinados polo planeamento a sistemas xerais:**

- a) En solo urbano non consolidado, en solo urbanizable, ou no seu caso, en solo rústico incluído nunha área de reparto.

- b) En solo urbano consolidado e non consolidado e en solo urbanizable, de núcleo rural e rústico.
- c) En solo urbano consolidado e en solo de núcleo rural e rústico.
- d) En solo urbano consolidado e non consolidado, actuacións integrais en solo de núcleo rural e en solo urbanizable.

**80.- Segundo o artigo 352 Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, no caso de solicitudes simultáneas de licenzas referidas a un mesmo inmovible ou parte do mesmo:**

- a) Cada unha das solicitudes iniciará un procedemento independente.
- b) Tramitaranse conxuntamente, pero o seu outorgamento ou denegación será obxecto de resolucións diferentes.
- c) Tramitaranse conxuntamente, nun único procedemento e a resolución que se adopte diferenciará cada licenza outorgada, conservando cada unha a súa propia natureza.
- d) Tramitaranse en procedementos separados, pero o seu outorgamento ou denegación será obxecto dunha única resolución.

**81.- Segundo o artigo 21 do Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Solo e Rehabilitación Urbana, sinala as situacións básicas nas que se atopa todo o solo:**

- a) Urbano e urbanizado.
- b) Rural e urbanizado.
- c) Urbano e urbanizable.
- d) Vacante de edificación e urbanizado.

**82.- Segundo o artigo 34 do Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de solo e Rehabilitación Urbana, as valoracións se entenden referidas cando se trate da venda ou substitución forzosas:**

- a) Ao momento da iniciación do procedemento de declaración do incumprimento do deber que a motive.



- b) Ao momento da terminación do procedemento de declaración do incumprimento do deber que a motive.
- c) Ao momento da iniciación do procedemento de venda ou substitución forzosa.
- d) Ao momento da declaración de venda ou substitución forzosa.

**83.- Segundo o artigo 5 da Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, en canto ás medidas correctoras, a declaración ambiental será para a autoridade municipal:**

- a) Un requisito posterior, preceptivo e vinculante.
- b) Un requisito previo, non preceptivo e non vinculante.
- c) Un requisito posterior, preceptivo e non vinculante.
- d) Un requisito previo, preceptivo e vinculante.

**84.- Segundo o artigo 130 da Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia, cal das seguintes actuacións ten a consideración de infracción grave:**

- a) O incumprimento do deber de facilitar o acceso ao persoal habilitado para a realización de labores de inspección.
- b) A disgregación dunha colección declarada de interese cultural sen a autorización da consellería competente en materia de patrimonio cultural.
- c) A talla de arborado ou outras transformacións da estrutura e usos tradicionais no ámbito delimitado do territorio histórico dos Camiños de Santiago sen a previa autorización da consellería competente en materia de patrimonio cultural ou contravindo os termos da autorización concedida.
- d) A destrución ou dano xeneralizado grave e irreparable dun ben declarado de interese cultural ou catalogado.

**85.- Segundo o artigo 31 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, o órgano ambiental formulará o informe ambiental estratéxico:**

- a) No prazo de dous meses contados desde a recepción da solicitude de inicio e dos documentos que a deben acompañar.
- b) No prazo de tres meses contados desde a recepción da solicitude de inicio e dos documentos que a deben acompañar.

- c) No prazo de seis meses contados desde a recepción da solicitude de inicio.
- d) No prazo de dous meses contados desde a recepción da solicitude de inicio.

**86.- Segundo o artigo 46.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, que é necesario para que os órganos colexiados poidan celebrar sesións a distancia:**

- a) Que os seus membros participantes se atopen en territorio municipal.
- b) Que quede acreditada unicamente a identidade do presidente y do secretario.
- c) Que concorran situacións urxentes que impidan ou dificulten a asistencia presencial de, polo menos, a metade dos seus membros.
- d) Ningunha das respostas é correcta.

**87.- Segundo o artigo 48 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, cal é a consellería competente para a autorización e rexistro das entidades de certificación de conformidade municipal:**

- a) A consellería competente en materia de seguridade ambiental.
- b) A consellería competente en materia de seguridade laboral.
- c) A consellería competente en materia de seguridade industrial.
- d) A consellería competente en materia de competencia.

**88.- Segundo o artigo 15 do Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos, unha vez recibida unha comunicación previa, o concello verificará de oficio:**

- a) A súa propia competencia.
- b) A viabilidade económica do establecemento.
- c) A adecuación urbanística da obra.
- d) A presentación en prazo.

**89.- Segundo o artigo 72 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o tipo de gravame aplicable aos bens inmobles de características especiais, que terá carácter supletorio, será:**

- a) Do 0,4 por cento.
- b) Do 0,6 por cento.
- c) Do 0,3 por cento.
- d) Do 0,90 por cento.

**90.- Segundo o artigo 8 do Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, a recadación das débedas cuxa xestión teñan atribuídas as entidades locais e os seu organismos autónomos, levarase a cabo:**

- a) Por outros entes non territoriais a cuxo ámbito pertencen, previa formalización do correspondente convenio para a recadación.
- b) Por outros entes non territoriais a cuxo ámbito pertencen, previa delegación desta facultade.
- c) Por outras entes non territoriais a cuxo ámbito pertencen, cando así se establecera regulamentariamente.
- d) Pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, cando así se acorde mediante a subscripción dun convenio para a recadación.

**91.- Segundo o artigo 15 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación co artigo 59.1 do mesmo texto legal, indique o suposto no que as entidades locais non están obrigadas a acordar a imposición e supresión dos seus tributos propios:**

- a) A taxa polo outorgamento de licenzas urbanísticas.
- b) O Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.
- c) O Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica.
- d) A taxa pola entrada de vehículos a través das beirarrúas.

**92.- Segundo o artigo 9 la Lei Orgánica 2/1982, do 12 de maio, do Tribunal de Contas, a función fiscalizadora do Tribunal de Contas referirase ao sometemento da actividade económico-financeira do sector público aos principios de:**

- a) Legalidade, eficiencia, economía, transparencia, así como á sostenibilidade ambiental e á igualdade de xénero.
- b) Legalidade, xerarquía normativa, publicidade dos seus acordos, seguridade xurídica e responsabilidade.
- c) Eficacia, xerarquía, descentralización, concentración e coordinación.
- d) Todas as respostas son incorrectas.

**93.- Segundo o artigo 85 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, cal dos seguintes non é un contido mínimo dun convenio colectivo:**

- a) O ámbito persoal, funcional, territorial e temporal.
- b) A forma e condicións de denuncia do convenio.
- c) O prazo mínimo para a denuncia do convenio antes de finalizar a súa vixencia.
- d) As categorías profesionais aplicables á empresa.

**94.- Segundo o artigo 14 do Real Decreto do 24 de xullo de 1889, polo que se publica o Código Civil, a suxeición ao dereito civil común ou ao especial ou foral determínase pola:**

- a) Veciñanza civil.
- b) Veciñanza administrativa.
- c) Nacionalidade.
- d) Residencia civil.

**95.- Segundo o artigo 438 do Real Decreto do 24 de xullo de 1889, polo que se publica o Código Civil, a posesión adquirese:**

- a) Pola ocupación material.
- b) Polo feito de quedar a cosa, animal ou dereito posuído suxeitos á nosa vontade.
- c) Polos actos propios e formalidades legais establecidas para adquirir tal dereito.

d) Todas as respostas son correctas.

**96.- Segundo o artigo 1968 do Real Decreto do 24 de xullo de 1889, polo que se publica o Código Civil, a acción para recobrar ou reter a posesión prescribe:**

a) Aos dous anos desde o feito causante

b) Ao ano.

c) Aos seis meses.

d) Aos tres meses.

**PREGUNTAS DE RESERVA**

**SECRETARÍA DE ENTRADA**

**PREGUNTAS**

**da 97 á 99**

**97.- Segundo o artigo 243 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, o órgano de contratación deberá aprobar a certificación final das obras executadas cuxo valor estimado non supere os dez millóns de euros:**

- a) Dentro do prazo de tres meses contados a partires da recepción.
- d) Dentro do prazo de quince días contados a partires da recepción.
- c) Dentro do prazo de un mes contado a partires da recepción.
- d) Dentro do prazo dous meses contados a partires da recepción.

**98.- Segundo o artigo 78 do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, a provisión de postos de traballo en cada Administración Pública levarase a cabo:**

- a) Polos sistemas de oposición e concurso-oposición.
- b) Polos procedementos de concurso unitario e ordinario, exclusivamente.
- c) Polos procedemento de concurso e de libre designación en convocatoria pública.
- d) Polo procedementos de adscrición provisional e comisión de servizos.

**99.- Segundo o artigo 38 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, no procedemento de avaliación de impacto ambiental simplificada teranse en conta as seguintes particularidades:**

- a) As administracións públicas afectadas deberán pronunciarse no prazo máximo de 20 días hábiles desde a recepción da solicitude de informe.
- b) As administracións públicas afectadas e as persoas interesadas consultadas deberán pronunciarse no prazo máximo de 20 días hábiles desde a recepción da solicitude de informe.
- c) As persoas interesadas consultadas deberán pronunciarse no prazo máximo de 20 días hábiles desde a recepción da solicitude de informe.
- d) As persoas interesadas consultadas deberán pronunciarse no prazo máximo de 10 días hábiles desde a recepción da solicitude de informe.

**INTERVENCIÓN-TESOURERÍA**

**DE ENTRADA**

**PREGUNTAS**

**da 100 á 129**



**100.- Segundo o artigo 137 da lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, nos municipios de gran poboación corresponde a función de ditame sobre os proxectos de ordenanzas fiscais ao :**

- a) Órgano de xestión tributaria.
- b) Órgano responsable do control e da fiscalización interna.
- c) Órgano para a resolución das reclamacións económico-administrativas.
- d) Órgano de xestión económico-financeira e orzamentaria.

**101.-Segundo o artigo 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, contra as ordenanzas fiscais aprobadas definitivamente polas entidades locais poderá interpoñerse:**

- a) Unicamente recurso contencioso-administrativo.
- b) O recurso de reposición regulado no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- c) O recurso de alzada.
- d) O recurso de revisión.

**102.- Segundo o artigo 177 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, as reclamacións promovidas contra os acordos das entidades locais que teñan por obxecto a habilitación ou suplemento de crédito en casos de calamidades públicas deberán tramitarse:**

- a) Dentro dos oito días seguintes á súa presentación.
- b) Dentro dos cinco días seguintes á súa presentación.
- c) Dentro dos quince días seguintes á súa presentación.
- d) Dentro dos trinta días seguintes á súa presentación.

**103.- Segundo o artigo 177 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sinale o tipo de modificación de crédito que debe incoarse cando deba de realizarse algún**

**gasto que non poida demorarse ata o exercicio seguinte e non existe crédito no orzamento da corporación:**

- a) Suplemento de crédito.
- b) Crédito extraordinario.
- c) Xeración de crédito.
- d) Transferencia de crédito.

**104.- Segundo o artigo 174 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, poderán adquirirse compromisos de gastos que haxan de estenderse a exercicios posteriores a aquel no que se autoricen, sempre que a súa execución se inicie no propio exercicio e se trate de:**

- a) Transferencias correntes que se deriven de convenios subscritos polas corporacións locais con outras entidades públicas ou privadas con ánimo de lucro.
- b) Arrendamentos de bens mobles.
- c) Investimentos.
- d) Cargas financeiras das débedas das sociedades mercantís con capital social integramente da entidade local.

**105.- Segundo o artigo 193 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en caso de liquidación do orzamento con remanente de tesourería negativo:**

- a) O Pleno da corporación ou o órgano competente do organismo autónomo, segundo corresponda, deberán proceder, na primeira sesión que celebren, á redución de gastos do novo orzamento por contía igual ao déficit producido.
- b) En todo caso, o orzamento do exercicio seguinte haberá de aprobarse cun superávit inicial de contía non inferior ao repetido déficit.
- c) Debe acudirse ao concerto de operación de crédito polo o seu importe, sempre que se dean as condicións sinaladas no artigo 177.5 da citada lei.
- d) O Pleno da corporación aprobará un Plan económico-financeiro no prazo máximo dun mes desde que se constate o incumprimento.

**106.- Segundo o artigo 21 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, o plan económico-financeiro conterà como mínimo a seguinte información:**

- a) Unha análise dos indicadores financeiros, patrimoniais e orzamentarios da entidade local.
- b) Unha análise de sensibilidade considerando escenarios económicos alternativos.
- c) Unha análise da dinámica da débeda pública que incluírá, ademais das variables que determinan a súa evolución, outros factores de risco e unha análise da vida media da débeda.
- d) A senda prevista para alcanzar o obxectivo de débeda pública, desagregando os factores de evolución que permiten o cumprimento da mesma.

**107.- Segundo o artigo 5 do Real Decreto 635/2014, do 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas, entenderase por número de días de pago, os días naturais transcorridos desde:**

- a) A data de aprobación das certificacións de obra ata a data de pago material por parte da Administración.
- b) A data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade cos bens entregados ou servizos prestados, ata a data de pago material por parte da Administración.
- c) A data de entrada da factura no rexistro administrativo, segundo conste no rexistro contable de facturas ou sistema equivalente, ata a data de pago material por parte da Administración, nos supostos nos que ou ben non resulte de aplicación un procedemento de aceptación ou comprobación dos bens ou servizos prestados ou ben a factura se reciba con posterioridade á aprobación da conformidade.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

**108.- Segundo o artigo 4 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, enténdese que existe sustentabilidade da débeda comercial:**

- a) Cando o volume total do capital vivo das operacións de crédito vixentes a curto e longo prazo, incluíndo o importe da operación proxectada, non exceda do 110 por cento dos ingresos correntes liquidados ou devindicados no exercicio inmediatamente anterior.

- b) Cando a Corporación local mantén unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario.
- c) Cando o período medio de pago aos provedores non supere o prazo máximo previsto na normativa sobre morosidade.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

**109.- Segundo a Regra 1 da Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local, deben aplicar as normas contidas na devandita Instrución:**

- a) Os municipios cuxo orzamento exceda de 3.000.000 €, así como aqueles cuxo orzamento non supere este importe pero exceda de 300.000 € e cuxa poboación sexa superior a 5.000 habitantes.
- b) As demais entidades locais sempre que o seu orzamento exceda de 3.000.000 €.
- c) Os organismos autónomos dependentes das entidades locais contempladas nos apartados anteriores.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

**110.- Segundo o artigo 212 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a conta xeral:**

- a) Será exposta ao público por prazo de 15 días durante os cales os interesados poderán examinala e presentar reclamacións, reparos ou observacións.
- b) Xunto co informe da Comisión Especial de Contas será exposta ao público por prazo de 15 días durante os cales os interesados poderán examinala e presentar reclamacións, reparos ou observacións.
- c) Será exposta ao público por prazo de 30 días durante os cales os interesados poderán examinala e presentar reclamacións, reparos ou observacións.
- d) Xunto co informe da Comisión Especial de Contas será exposta ao público por prazo de 30 días durante os cales os interesados poderán examinala e presentar reclamacións, reparos ou observacións.

**111.- Segundo o artigo 4 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, o órgano**

**interventor disporá dun modelo de control eficaz que asegurará, con medios propios ou externos, o control efectivo de, polo menos:**

- a) O 60% do orzamento xeral consolidado do exercicio mediante a aplicación das modalidades de función interventora e control financeiro. No transcurso de tres exercicios consecutivos e en base a unha análise previa de riscos, deberá alcanzar o 100% do devandito orzamento.
- b) O 60% do orzamento xeral consolidado do exercicio mediante a aplicación das modalidades de función interventora e control financeiro. No transcurso de cinco exercicios consecutivos e en base a unha análise previa de riscos, deberá alcanzar o 100% do devandito orzamento.
- c) O 80% do orzamento xeral consolidado do exercicio mediante a aplicación das modalidades de función interventora e control financeiro. No transcurso de tres exercicios consecutivos e en base a unha análise previa de riscos, deberá alcanzar o 100% do devandito orzamento.
- d) O 80% do orzamento xeral consolidado do exercicio mediante a aplicación das modalidades de función interventora e control financeiro. No transcurso de cinco exercicios consecutivos e en base a unha análise previa de riscos, deberá alcanzar o 100% do devandito orzamento.

**112.- Segundo o artigo 31 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, o Plan Anual de Control Financeiro (sinale a resposta incorrecta):**

- a) Incluirá, entre outros extremos, todas aquelas actuacións que anualmente se seleccionen sobre a base dunha análise de riscos consistente cos obxectivos que se pretendan conseguir.
- b) Recollerá as actuacións de control permanente e auditoría pública a realizar durante o exercicio.
- c) Será remitido a efectos informativos ao presidente da entidade local.
- d) Incluirá, entre outros extremos, todas aquelas actuacións cuxa realización polo órgano interventor derive dunha obriga legal.

**113.- Segundo o artigo 72 da Lei 7/1988, do 5 de abril, de Funcionamento do Tribunal de Contas, entenderase por alcance:**

- a) A subtracción de caudais ou efectos públicos, ou o consentimento para que esta se verifique, ou a súa aplicación a usos propios ou alleos por parte de quen os teña ao seu cargo.
- b) A solicitude de dádiva, favor ou retribución de calquera clase ou aceptar ofrecemento ou promesa para realizar no exercicio de cargo público un acto contrario aos deberes inherentes ao mesmo ou para non realizar ou atrasar inxustificadamente o que se debe practicar.
- c) O saldo debedor inxustifico dunha conta ou, en termos xerais, a ausencia de numerario ou de xustificación nas contas que deban render as persoas que teñan ao seu cargo o manexo de caudais ou efectos públicos.
- d) A desobediencia aberta ás ordes ou instrucións dun superior, salvo que constitúan infracción manifesta do ordenamento xurídico.

**114.- Segundo o artigo 42 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, serán responsables solidarios das débedas tributarias as persoas ou entidades:**

- a) Que sexan causantes ou colaboren activamente na realización dunha infracción tributaria.
- b) Adquirentes de bens afectos pola lei ao pago da débeda tributaria.
- c) Que sexan representantes aduaneiros cando actúen en nome e por conta dos seus comitentes.
- d) Que sexan administradores de feito ou de dereito das persoas xurídicas obrigadas a efectuar a declaración e ingreso das débedas derivadas de tributos que deban repercutirse.

**115.- Segundo o artigo 52 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, indique o método que se poderá empregar para a determinación da base imponible mediante a aplicación das magnitudes, índices, módulos ou datos previstos na normativa propia de cada tributo:**

- a) Método de estimación directa.
- b) Método de estimación indirecta.
- c) Método de estimación subxectiva.
- d) Método de estimación obxectiva.

**116.- Segundo o artigo 117 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, a xestión tributaria consiste no exercicio das funcións administrativas dirixidas:**

- a) Á realización de actuacións de comprobación de valores.
- b) Á realización de actuacións de comprobación limitada.
- c) Á emisión de certificados tributarios.
- d) Todas as respostas son correctas.

**117.- Segundo o artigo 69 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, a prescrición das débedas tributarias aplicarase:**

- a) De oficio, incluso nos casos nos que se pagara a débeda tributaria, sen necesidade de que a invoque ou excepcione o obrigado tributario.
- b) Unicamente a instancia do obrigado tributario.
- c) De oficio, sempre e cando o obrigado tributario non pagara a débeda.
- d) Todas as respostas son incorrectas.

**118.- Segundo o artigo 167 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, contra a providencia de prema serán admisibles os seguintes motivos de oposición (sinale a resposta incorrecta):**

- a) Anulación da liquidación.
- b) Condonación parcial da débeda.
- c) Falta de notificación da liquidación.
- d) Solicitude de aprazamento da débeda.

**119.- Segundo o artigo 167 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, o procedemento de prema iniciase:**

- a) Automaticamente, unha vez rematado o período voluntario de pago.
- b) Na data na que se dita a correspondente providencia de constrinximento.
- c) Mediante providencia notificada ao obrigado tributario.
- d) Transcorridos 15 días hábiles desde o remate do período voluntario de pago.

**120.- Segundo o artigo 79 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, os adquirentes de bens afectos ao pago da débeda tributaria:**

- a) Nunca responderán con eles se a débeda non se paga.
- b) Responderán subsidiariamente con eles, se a débeda non se paga.
- c) Responderán solidariamente con eles, se a débeda non se paga.
- d) Responderán directamente con eles, ata o importe máximo do 50 por cento do importe da débeda non pagada.

**121.- Segundo o artigo 143 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, as actuacións da inspección dos tributos documentaranse en:**

- a) Comunicaci3ns, dilixencias, informes e actas.
- b) S3 en informes e actas.
- c) S3 en actas.
- d) Comunicaci3ns, providencias e actas.

**122.- Segundo o artigo 183 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, son infracci3ns tributarias:**

- a) As acci3ns ou omisi3ns dolosas ou culposas con calquera grao de negligencia que estean tipificadas e sancionadas como tales nesta ou noutra lei.
- b) As acci3ns ou omisi3ns dolosas s3 con grao de negligencia grave que estean tipificadas e sancionadas como tales nesta ou noutra lei.
- c) As acci3ns ou omisi3ns culposas a3nda sen negligencia que estean tipificadas e sancionadas como tales nesta lei exclusivamente.
- d) As acci3ns ou omisi3ns dolosas de todo tipo, pero non as culposas, que estean tipificadas e sancionadas como tales nesta ou noutra lei.

**123.- Segundo o artigo 216 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, cal dos seguintes 3 un procedemento especial de revisi3n:**

- a) Declaraci3n de lesividade de actos nulos.
- b) Reversi3n.
- c) Impugnaci3ns de aprazamentos.



d) Devolución de ingresos indebidos.

**124.- Segundo o artigo 146 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, as medidas cautelares adoptadas no procedemento de inspección deberán ser ratificadas polo órgano competente para liquidar no prazo de:**

- a) 10 días.
- b) 15 días.
- c) 21 días.
- d) 30 días.

**125.- Segundo o artigo 187 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, cando concorra a circunstancia de comisión repetida de infraccións tributarias, a sanción mínima incrementarase na seguinte porcentaxe, salvo que se estableza expresamente outra cousa:**

- a) Cando o suxeito infractor fose sancionado por unha infracción leve, o incremento será de 10 puntos porcentuais.
- b) Cando o suxeito infractor fose sancionado por unha infracción grave, o incremento será de 20 puntos porcentuais.
- c) Cando o suxeito infractor fose sancionado por unha infracción moi grave, o incremento será de 25 puntos porcentuais.
- d) Cando o suxeito infractor fose sancionado por unha infracción, calquera que sexa a súa clasificación, o incremento será de 15 puntos porcentuais.

**126.- Segundo o artigo 232 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, estarán lexitimados para promover as reclamacións económico-administrativas:**

- a) Os funcionarios e empregados públicos, en todos os casos.
- b) Os particulares, cando obren por delegación da Administración ou como axentes ou mandatarios dela.
- c) Os obrigados tributarios e os suxeitos infractores.
- d) Os denunciante.

**127.- Segundo o artigo 106 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, é suxeito pasivo do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana a título de contribuínte nas transmisións de terreos a título lucrativo, a persoa física ou xurídica, ou a entidade á que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria:**

- a) Que adquira o terreo.
- b) Que adquira o terreo, cando o contribuínte sexa unha persoa física non residente en España.
- c) Que transmita o terreo.
- d) Que transmita o terreo, cando o contribuínte sexa unha persoa física non residente en España.

**128.- Segundo o artigo 21 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, as entidades locais non poderán exixir taxas polo servizo de:**

- a) Tratamento e depuración de augas residuais.
- b) Limpeza da vía pública.
- c) Matadoiro.
- d) Cemiterios locais.

**129.- Segundo o artigo 66 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, o número de membros do comité de empresa nun centro de traballo que teña de cento un a douscentos cincuenta traballadores será de:**

- a) Cinco.
- b) Sete.
- c) Nove.
- d) Doce.

**PREGUNTAS DE RESERVA**

**INTERVENCIÓN-TESOURERÍA**

**PREGUNTAS**

**da 130 Á 132**

**130.- Segundo o artigo 116. bis.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, o plan económico financeiro a formular por unha corporación local por incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, do obxectivo de débeda pública ou da regra de gasto incluírá polo menos:**

- a) Racionalización organizativa.
- b) Unha proposta de fusión cun municipio lindeiro da mesma provincia.
- c) Supresión das competencias que exerza que sexan distintas das propias e das exercidas por delegación.
- d) Todas as respostas son correctas.

**131.- Segundo o artigo 95 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os concellos poderán incrementar as cotas do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica fixadas no citado precepto mediante a aplicación sobre as mesmas dun coeficiente:**

- a) Que non poderá ser superior a 1,5.
- b) Que non poderá ser superior a 1,75.
- c) Que non poderá ser superior a 2.
- d) Que non poderá ser superior a 2,5.

**132.- Segundo o artigo 157 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, nos casos de actas de desconformidade, de que prazo dispón o obrigado tributario para poder formular alegacións ante o órgano competente para liquidar:**

- a) No prazo de 30 días desde a data en que se estendeu a acta ou desde a notificación da mesma.
- b) No prazo de 10 días desde a data en que se estendeu a acta ou desde a notificación da mesma.
- c) No prazo de 15 días desde a data en que se estendeu a acta ou desde a notificación da mesma.
- d) No prazo de 21 días desde a data en que se estendeu a acta ou desde a notificación da mesma.